



RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN DE CONVOCATORIA SELECTIVA PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TITULADO/A (TÉCNICO/A I) MEDIANTE UN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO **"DAIRY FOR FUTURE (D4F)"**

(Ref. INTERREG ATLANTIC ÁREA EAPA_304/2016)

O 30 de maio de 2018 publícase o Decreto 52/2018, do 5 de abril, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Agacal, e se aproban os seus estatutos.

A Axencia créase como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

En materia de persoal, a Axencia rexerese polo disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia e no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable ao persoal das entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.

O persoal laboral que preste servizos na Axencia réxese pola normativa reguladora da función pública, polas disposicións do Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, pola demais normativa que resulte de aplicación ao persoal laboral ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e polos propios estatutos da Axencia.

O persoal da Axencia quedará sometido ao réxime de incompatibilidades aplicables ao persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Dado o carácter marcadamente específico e técnico das funcións que se precisan na cobertura deste expediente de contratación de persoal e tendo en conta a formación específica que debe ser esixible para poder realizar certos tipos de traballos de investigación, faise necesario incoar un proceso selectivo de persoal para o desempeño das funcións que se recollen nas bases do presente expediente.

Polo que en virtude das facultades delegadas por Resolución do 5 de setembro de 2012 (DOG núm. 178, do 18 de setembro do 2012),

RESOLVO:

Convocar un proceso selectivo de contratación de persoal laboral temporal consistente na selección dun/dunha técnico/a para o desempeño das seguintes funcións:





1.- Técnico especialista en manexo e alimentación de gando vacún de leite (TVL)

Titulación: Enxeñeiro Agrónomo, licenciado en Veterinaria, licenciado en Bioloxía ou ben Grao mais Postgrao de calquera destas especialidades.

Funcións: Encargarase do deseño experimental de ensaios con vacas de leite. Deseñará racións dos animais en produción así como levará o control das mostras que se necesiten para a realización dos ensaios. Será responsable da calidade dos datos que se tiren dos ensaios que se realicen cos animais de leite así como do tratamento previo destes.

A contratación realizarase con cargo ás partidas que para tal fin están consignadas no orzamento que se recolle no acordo de concesión do proxecto que con data 8 de febreiro de 2018 asina o presidente da autoridade de xestión dos programa INTERREG Espazo Atlántico. Entre os beneficiarios do proxecto figura o Instituto Galego da Calidade Alimentaria.

Este proceso rexeráse conforme as bases seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

As presentes bases constitúen un conxunto de instrucións, normas e especificacións que rexerán a contratación de persoal de duración determinada baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, transparencia e non discriminación.

1.- Obxecto da convocatoria

O obxecto do proceso selectivo será a selección e contratación dun/dunha técnico/a especialista, polo procedemento de concurso-oposición ao abeiro da Resolución do 5 de setembro de 2012, de delegación de competencias do consello de dirección na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal) que se subroga na dirección da Agacal.

Persoal que se vai contratar:

1.- Graduado superior (técnico/a I) para a realización dos labores de técnico especialista en manexo e alimentación de gando vacún de leite.

2.- Publicidade e réxime xurídico da contratación

A presente convocatoria publicarase no DOG axustándose ao disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do





sector público autonómico de Galicia, á Lei da función pública de Galicia (art. 58) (Lei 2/2015, do emprego público de Galicia) e demais normativa concordante.

Os contratos revestirán a modalidade de contrato de duración determinada para a realización dun proxecto de investigación, de acordo co texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores aprobado por Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro e conforme o establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia (art. 59, disposición derogatoria, derogación normativa 1ª e 3ª).

A xornada laboral será completa.

O posto de traballo estará na sede do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo en Mabegondo, Abegondo, A Coruña.

3.- Duración

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A vixencia do contrato comezará coa sinatura deste polo candidato/a seleccionado/a.

O contrato de técnico especialista en manexo e alimentación de gando vacún de leite (TVL) terá una duración de 10 meses.

As funcións que ha de desempeñar no contrato limitaranse ás tarefas que cómpre desenvolver no servizo denominado Proxecto “Dairy For Future” (Ref EAPA_304/2016)

Para o/a candidato/a seleccionado/a, unha vez formalizada a relación contractual, establecerase un período de proba dun (1) mes, en conformidade co regulado no artigo 14 do Estatuto dos traballadores.

4.- Tarefas que ha de desempeñar

4.1.- Técnico especialista en manexo e alimentación de gando vacún de leite (TVL)

- 1.- Deseño de ensaios con vacas de leite
- 2.- Racionamento de vacas de leite
- 3.- Mostraxe de alimentación de vacas de leite
- 4.- Mostraxe de pasto para vacas de leite
- 5.- Análise botánica do pasto ofertado e rexeitado polas vacas de leite antes e despois do pastoreo
- 6.- Mostraxe de leite na sala de muxidura
- 7.- Mostraxe de excretas, ouriños e feces, de vacas de leite





8.- Salvagarda e depuración de datos do ensaio

9.- Supervisión das tarefas oportunas para o correcto desenvolvemento do ensaio con vacas de leite.

5.- Requisitos xerais

Para o posto convocado os/as candidatos/as deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, ou ser nacional dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos.
- c) Capacidade funcional: deberá posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- d) Habilitación: No caso do persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía

6.- Requisitos específicos

6.1.- Técnico especialista en manexo e alimentación de gando vacún de leite (TVL)

- a) Titulación requirida: Enxeñeiro Agrónomo, licenciado en Veterinaria, licenciado en Bioloxía ou ben Grao máis Postgrao de calquera destas especialidades.





b) Contar con capacitación habilitante para a función de “Realización de procedementos” esixida pola normativa vixente en materia de benestar de animais de experimentación, segundo o disposto no artigo 3.2 apartado c), artigo 7 e disposición transitoria primeira da orde ministerial ECC/566/2015, do 20 de marzo (DOG nº 78 do 1 de abril de 2015), pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexa animais utilizados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia.

c) Coñecemento do idioma galego que se acreditará mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que un candidato non poida acreditarlo, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega. Esta proba regúlase no anexo I destas bases.

d) Estar en posesión do carné de conducir (B)

7.- Solicitudes, prazo e documentación que cómpre presentar

A persoas candidatas que desexen participar neste proceso deberán cubrir debidamente o modelo de solicitude que figura como anexo II no prazo de **dez (10) días hábiles** a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

As instancias, dirixidas á Dirección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Avenida do Camiño Francés 10, baixo 15703 Santiago de Compostela (A Coruña) ou na forma prevista no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do concursante, tanto os erros na consignación del como a non comunicación de cambios de domicilio.

Documentación que deberán presentar os/as solicitantes:

- a) Copia cotexada do DNI
- b) Copia cotexada das titulacións e acreditacións requiridas na base 6ª
- c) A documentación detallada no Anexo II destas bases

Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos ao día de finalización do prazo de presentación das solicitudes. Para os efectos da documentación requirida, admitirase a documentación cotexada polo propio Agacal e a cotexada por outras administracións públicas, organismos autónomos, entidades públicas empresariais, universidades públicas e as axencias estatais, polas





representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto telefónico no seguinte número 881 997 276, en horario de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a Comisión de Selección publicará na páxina web

http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/ e no taboleiro de anuncios do Instituto, a resolución coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

Na lista constará, en todo caso, o número do documento de identidade ou documento equivalente e a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión, tendo o prazo de **cinco (5) días hábiles**, contados a partir do día seguinte a publicación, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión. Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada e nunca nova documentación.

A estimación ou desestimación entenderase implícita na resolución definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

8.- Procedemento de selección

O sistema de selección será por concurso-oposición (avaliación de méritos e probas de coñecemento).

8.1. Comisión de selección

Para a selección dos/as candidatos/as constituirase unha Comisión de selección de persoal designada pola Dirección da Agacal que estará constituída, en virtude do principio de paridade entre homes e mulleres, nos termos establecidos no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, por un presidente/a, un/ha vogal e un/ha secretario/a. Na Comisión de selección poderán participar expertos externos que axuden na cualificación do candidato/a, con voz pero sen voto.





A Comisión de selección axustará a súa actuación ao disposto no artigo 60 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público e nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección do 11 de abril de 2007, modificadas polo Acordo da Xunta do 8 de abril de 2010, aplicables a todos os actos do proceso e dos órganos de selección, incluída a súa constitución e a adopción de acordos.

Os membros da comisión de selección estarán suxeitos ás causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Os membros da Comisión de selección deberán estar en posesión de titulación igual ou superior nivel de titulación requirida para o procedemento de selección. A Comisión de selección non se poderá constituír nin actuar sen a presenza dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente.

As decisións da Comisión de selección adoptaranse por maioría simple dos membros presentes no momento da votación. No caso de empate, o presidente terá o voto de calidade.

As persoas interesadas poderán promover a recusación en calquera momento da tramitación do proceso de selección en virtude do disposto no artigo 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

8.2. Funcións da Comisión de selección:

- Avaliar a acreditación requirida e outorgarles a cualificación aos aspirantes segundo as normas desta convocatoria.
- Formalizar, mediante actas, todo o proceso selectivo e o resultado final, que será remitido ao órgano de contratación.
- Resolver as dúbidas e incidencias que xurdan no proceso de selección.
- Propor á Dirección da Agacal os candidatos que obtiveron maior puntuación para os efectos de contratación.
- Interpretar o contido destas bases.

As comunicacións e demais incidencias serán dirixidas á Comisión de selección da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Avenida do Camiño Francés 10, baixo 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

8.3. Proceso selectivo: Concurso de avaliación dos méritos e proba de coñecemento práctico.

O proceso selectivo consiste na superación dunha proba de coñecemento (fase de oposición) así como na valoración de condicións de formación, méritos e experiencia (fase de concurso). Consonte o disposto no artigo 56.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as fases de oposición e de concurso terán,





respectivamente, un peso do sesenta (60) e do corenta (40) por cento da puntuación final.

As persoas aspirantes deberán achegar á Comisión de selección o seu CV e toda a documentación detallada no anexo II.

1.- Fase de oposición

Consistirá na superación dunha proba de coñecementos sobre as materias relacionadas coa especialidade do posto ao que se opta, e que se indican no Anexo III. Será de carácter eliminatorio e obrigatorio consistindo en contestar por escrito a un cuestionario de sesenta (60) preguntas tipo test, máis tres (3) preguntas de reserva, con catro (4) respostas alternativas propostas pola Comisión de selección, das que só una delas será a correcta.

A Comisión de selección elaborará un único exercicio que terá unha duración máxima de dúas (2) horas. Á finalización da proba cada aspirante poderá obter copia das súas respostas.

No prazo das vinte e catro (24) horas seguintes publicarase o contido do exercicio e as respostas correctas no mesmo lugar no que se realizou.

O exercicio cualificarase de cero (0) a sesenta (60) puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de corenta (40) puntos. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para conseguir esta puntuación mínima, para isto terase en conta que cada resposta incorrecta descontarase media correcta, as non contestadas non puntúan e máis dunha resposta por pregunta será considerado resposta incorrecta.

A Comisión de selección adoptará as medidas oportunas para garantir que este exercicio sexa corrixido sen que se coñeza a identidade das persoas aspirantes, utilizando para iso os impresos adecuados.

Serán excluídas aquelas persoas en cuxos exercicios figuren marcas ou signos que permitan coñecer a súa identidade.

As persoas aspirantes serán convocadas en único chamamento, sendo excluído do proceso selectivo quen non compareza e deberán presentarse para a realización do exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo da Comisión de selección. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para sinalar as respostas do test.

2.- Fase de concurso

A puntuación máxima que poderá acadar nesta fase será de corenta (40) puntos, segundo o seguinte baremo:





2.1.- Servizos prestados na mesma categoría obxecto do contrato (máximo 5 puntos).

a.1.) Por cada mes prestados na Xunta de Galicia na mesma categoría á que se pretende acceder: 0,15 puntos/mes.

a.2.) Noutras Administracións Públicas na mesma categoría e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes.

a.3.) En empresas e outras entidades privadas e referidas aos últimos cinco anos: 0,05 puntos/mes.

2.2.- Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias da categoría á que se opta (máximo 10 puntos) organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Inem, Dirección Xeral de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP, segundo a relación de materias que se establezan na convocatoria:

- Cursos ata 25 horas: 0,1 puntos.
- Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
- Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.

2.3.- Participación en proxectos de investigación ou innovación en temas relacionados co obxecto do posto ao que se opta (máximo 10 puntos):

a.1.) Como Investigador/a Principal: 0,75 puntos/mes

a.2.) Como colaborador/a: 0,5 puntos/mes

2.4.- Publicacións en temas relacionados co obxecto do posto ao que se opta (máximo 15 puntos):

a.1.) Publicacións SCI e libros completos: 1,50 puntos/publicación

a.2.) Publicacións non SCI (incluídas capítulos de libros, artigos, contribucións a congresos e artigos divulgativos en revistas): 0,75 puntos/publicación

9.- Lista provisional coas puntuacións do proceso selectivo

Rematados os exercicios da fase de concurso, a Comisión de selección publicará no taboleiro de anuncios da sede da Agacal e na páxina web http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/ a lista provisional coas puntuacións desta fase para cada un dos postos convocados, concedendo un prazo de reclamacións de **tres (3) días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación.

Resoltas as reclamacións, a Comisión de selección procederá á baremación da fase de concurso e publicaraa no taboleiro de anuncios da Agacal e na páxina web





http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/, con indicación da puntuación obtida por cada persoa aspirante.

Contra a baremación, aqueles aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante a propia Comisión de selección no prazo de tres (3) días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da dita baremación.

10.- Lista definitiva coas puntuacións do proceso selectivo

Á vista das reclamacións presentadas e unha vez realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, a Comisión de selección procederá á publicación polos mesmos medios da baremación definitiva da fase de concurso. A orde de prelación das persoas aspirantes efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas nas fases de oposición e de concurso.

11.- Criterios de desempate

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo puntuación outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida no apartado 2 Fase de concurso, e de persistir, a favor da primeira letra do primeiro apelido, segundo a orde establecida anualmente na resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se publica o resultado do sorteo á que se refire o Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non obstante ao anterior, no suposto de infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, o primeiro criterio de desempate será o de ter a condición de muller.

12.- Resolución da convocatoria

A Comisión de selección proporá a persoa candidata á Dirección da Agacal que resolverá o proceso de contratación mediante resolución motivada, publicada na páxina web e no taboleiro de anuncios do Instituto. Esta resolución será notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

As persoas seleccionados deberán aceptar o posto no prazo de **dous (2) días hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación da Resolución na páxina web http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/ e, en caso de non aceptación, procederase ao chamamento do/a candidato/a seguinte con maior puntuación no presente proceso selectivo.





13.- Lista de suplentes

Establecerase unha lista de reserva na que figurarán as persoas que superaron a fase de oposición, ordenadas segundo a puntuación total obtida no proceso selectivo. Esta lista farase pública coa lista definitiva das puntuacións, procedendo ao chamamento dos candidatos/as segundo a orde de prelación desta, de maior a menor puntuación.

A vixencia desta lista coincidirá coa duración do servizo que vai desenvolver na presente contratación.

14.- Datos de carácter persoal

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Os candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente á incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes na Agacal e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento destes nos termos da devandita Lei orgánica, solicitándoo nas oficinas da Agacal, Avenida do Camiño Francés 10, baixo 15703 Santiago de Compostela (A Coruña), en horario de 09:00 a 14:00 horas.

15.- Recursos

Contra a presente convocatoria poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes desde a súa publicación, ou ben un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a súa publicación, ante os xulgados do contencioso-administrativo, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xuño, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. En caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación presunta.

16.- Órgano de contratación

Por Resolución do 24 de abril de 2013 (DOG núm. 85, 03/05/13) de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal), corresponde a esta a condición de ser órgano de contratación do Instituto.

A tempo, e conforme a Resolución do 5 de setembro de 2012 (DOG núm. 178, 18/09/12), o titular da Dirección do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal), ten delegada a facultade do Consello de Dirección prevista no artigo 6.d) do Decreto





259/2006, para a autorización da contratación de persoal temporal por obra ou servizo con cargo a proxectos e servizos de I+D+I.

Segundo a disposición transitoria terceira. Delegacións de funcións e competencias, as delegacións de funcións e competencias do Consello de Dirección e da Presidencia do ente de dereito público Instituto Galego da Calidade Alimentaria na persoa titular da Presidencia e na persoa titular da Dirección, outorgadas pola Resolución do 5 de setembro de 2012, de delegación de competencias do Consello de Dirección na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, e pola Resolución do 24 de abril de 2013, de delegación de competencias da Presidencia na persoa titular da Dirección do Instituto Galego da Calidade Alimentaria, entenderanse feitas a favor das persoas titulares, respectivamente, da Presidencia e da Dirección da axencia pública autonómica Axencia Galega da Calidade Alimentaria, mentres non as modifique o Consello Reitor nin se opoñan ao previsto no estatuto da Axencia.

17.- Disposición final

A participación neste proceso selectivo por parte do/a candidato/a supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Sergude, 22 de outubro de 2018

Manuel Rodríguez Vázquez

Director xeral de Agacal





ANEXO I

TÉCNICO ESPECIALISTA EN MANEXO E ALIMENTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE (TVL)

PROBA DE ACREDITACIÓN DO COÑECEMENTO DO GALEGO

Conforme o disposto na base sesta da presente convocatoria, o coñecemento do idioma galego acreditarase mediante o título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. No caso de que algún dos candidatos non poida acreditarlo mediante o anterior título, deberá superar unha proba de nivel da lingua galega.

Esta proba consistirá na resolución dun cuestionario de 30 preguntas tipo test con catro respostas alternativas das cales so unha será a correcta, que será o resultante do sorteo entre dous cuestionarios previamente elaborados pola Comisión de selección. Para efectos da puntuación teranse en conta as seguintes normas:

- por cada dúas respostas incorrectas descontarase unha correcta;
- as respostas en branco non puntúan;
- as dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

A proba á que se refiren estas bases será cualificada como apta ou non apta sendo necesario obter un mínimo de 20 respostas para obter a cualificación de aptitude. No caso de ser non apta o candidato/a quedará excluído/a.

Ao rematar o exercicio cada aspirante poderá obter copia das respostas do seu cuestionario, e no prazo das vinte e catro horas seguintes á realización da proba faranse públicas as respostas correctas do cuestionario, no lugar de realización da proba, no taboleiro de anuncios da Agacal e na páxina web:

http://mediorural.xunta.gal/nc/areas/investigacion_e_formacion/instituto_galego_da_calidade_alimentaria/documentacion/persoal/

A Comisión de selección concederá un prazo de dous (2) días dende a publicación das respostas correctas do cuestionario para a formulación de reclamacións por parte dos aspirantes.

Transcorrido o anterior prazo de reclamacións, a Comisión de selección publicará ao día seguinte o resultado definitivo e continuará co proceso selectivo.





ANEXO II

TÉCNICO ESPECIALISTA EN MANEXO E ALIMENTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE (TVL)

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NO PROCESO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A CONTRATACIÓN DUN/DUNHA TITULADO/A (TÉCNICO/A I) MEDIANTE UN CONTRATO POR OBRA OU SERVIZO DE DURACIÓN DETERMINADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN TITULADO "DAIRY FOR FUTURE (D4F)"

(Ref. INTERREG ATLANTIC AREA EAPA_304/2016)

DATOS PERSOAIS:

Apelidos: _____ Nome: _____
Enderezo: _____ Localidade: _____
Provincia: _____ Código Postal: _____ Teléfono: _____
E-mail: _____ NIF/NIE/Pasaporte: _____
Data de nacemento: _____ Nacionalidade: _____
Nº afiliación Seguridade Social: _____ Titulacións: _____

DECLARACIÓN XURADA:

O abaixo asinante declara non padecer enfermidade ou defecto físico que lle impida desempeñar as funcións correspondentes ao posto de traballo da praza á que opta e non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude do expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

E de conformidade co establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes no Ingacal e ao tratamento destes.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO:

- Copia cotexada do DNI ou equivalente
- Copia cotexada dos documentos académicos acreditativos no que consten os títulos dos diplomas de titulación universitaria
- Copia cotexada dos certificados acreditativos da participación en bolsas/contratos de formación.
- Copia cotexada dos certificados acreditativos de contratos
- Copia cotexada dos documentos acreditativos nos que conste a participación do solicitante en proxectos de investigación ou innovación
- Copia da primeira e última páxinas dos artigos e publicacións científicas e/ou divulgativas.
- Copia cotexada do título Celga 4, curso de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.
- Copia cotexada da capacitación para realizar funcións de realización de procedementos de experimentación animal (Orde ministerial ECC/566/2015)
- Copia cotexada do carné de conducir (categoría B)

Fago constar que a presente documentación consta de _____ follas, numeradas correlativamente do 1 ao _____

Lugar e data:

Asdo:.....

DIRECCIÓN DO INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA





ANEXO III

TÉCNICO ESPECIALISTA EN MANEXO E ALIMENTACIÓN DE GANDO VACÚN DE LEITE (TVL)

MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A PROBA PRÁCTICA DA FASE DE OPOSICIÓN PARA O POSTO DE TRABALLO

- 1.- Valor nutricional de forraxes frescas e conservadas.
- 2.- Valor nutricional de materias primas.
- 3.- Cultivos forraxeiros e pratenses para a produción de leite en Galicia. Aspectos agronómicos e nutricionais.
- 4.- A conservación das forraxes. Modificacións da composición química e valor nutritivo causadas pola ensilaxe. Efecto das operacións post-colleita, pre-secado e uso de aditivos.
- 5.- O escenario da produción de leite de vacún en Galicia.
- 6.- Dietas típicas nas explotacións leiteiras galegas e a súa relación coa composición do leite.
- 7.- Principal lexislación en vigor sobre protección dos animais de experimentación. Lei 32/2007, de 7 de novembro, Directiva 2010/63/UE, do Parlamento Europeo e o Consello, do 22 de setembro de 2010, Real Decreto 53/2013, do 1 de febreiro, Orde ECC/566/2015, do 20 de marzo e demais lexislación autonómica sobre a materia.

